

CONVOCATORIA	Convocatoria para nomeamento de funcionariado interino sen praza para a execución do programa de carácter temporal "Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra 2025" con destino ao Servizo de Cooperación (BOPPO núm. 247 de luns, 29 de decembro de 2025)
PRAZA/POSTO	1561 – Técnica/o media/o en xestión económica
TIPO	PRIMEIRO EXERCICIO –TEST
DATA	27/04/2026

1. O artigo 14 da Constitución Española establece que:

- a) Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social
- b) Os cidadáns son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social
- c) Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal, social e familiar
- d) Os españois son iguais ante a lei, podendo prevalecer discriminación por razón de nacemento, raza ou sexo

2. Segundo o artigo 51 da Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, as Administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e en aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes, deberán (sinale a resposta incorrecta):

- a) Fomentar a formación en igualdade, tanto no acceso ao emprego público como ao longo da carreira profesional
- b) Promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de selección e valoración
- c) Establecer medidas efectivas para eliminar calquera discriminación retributiva, directa ou indirecta, por razón de sexo

d) Facilitar a conciliación da vida familiar, con menoscabo da promoción profesional

3. Segundo o artigo 33 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, corresponde en todo caso ó Pleno (sinale a opción incorrecta):

- a) A organización da Deputación
- b) A aprobación das ordenanzas
- c) A aprobación dos plans de carácter municipal
- d) O control e a fiscalización dos órganos de goberno

4. Segundo o artigo 31 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, a provincia é:

- a) Unha entidade supramunicipal determinada pola agrupación de Municipios, con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins
- b) Unha entidade local determinada pola agrupación de Municipios, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins
- c) Unha entidade menor determinada pola agrupación de Municipios, con personalidade xurídica plena e capacidade para o cumprimento dos seus fins e os dos concellos
- d) Unha entidade local determinada pola agrupación de Municipios e entidades locais menores, sen personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins

5. Segundo o artigo 33 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, corresponde en todo caso ó Presidente da Deputación:

- a) Representar ós concellos da provincia
- b) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras cuxa titularidade ou exercicio corresponde á Deputación Provincial

c) Asegurar a xestión dos servizos da Comunidade Autónoma cuxa xestión ordinaria sexa encomendada a calquera administración

d) Convocar e presidir todas as sesións de Pleno sen excepción

6. Segundo o artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, son funcionarios de carreira quen:

a) En virtude de nomeamento administrativo, están vinculados a unha Administración Pública por unha relación laboral regulada polo Dereito Administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente

b) En virtude de nomeamento público, están vinculados a unha Administración Pública por unha relación estatutaria regulada polo Dereito Administrativo para o desempeño de servizos técnicos retribuídos de carácter extraordinario

c) En virtude de nomeamento administrativo, están vinculados a calquera Administración Pública por unha relación laboral regulada polo Dereito Civil para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente

d) En virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha Administración Pública por unha relación estatutaria regulada polo Dereito Administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente

7. Segundo o establecido no artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, a información básica deberá conter, polo menos (sinale a resposta incorrecta):

a) A identidade do responsable do tratamento e do seu representante, no seu caso

b) A finalidade do tratamento

c) Os datos persoais do responsable do tratamento

d) A posibilidade de exercer os dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679

8. Segundo o establecido no artigo 15 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, o empresario aplicará as medidas que integran o deber xeneral de prevención previsto no artigo anterior, conforme aos seguintes principios xerais (sinale a resposta incorrecta):

- a) Avaliar os riscos que non se poidan evitar
- b) Dar as debidas instrucións ós traballadores e os veciños da contorna
- c) Combater os riscos na súa orixe
- d) Evitar os riscos

9. Cal das seguintes afirmacións é correcta segundo o artigo 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo (TRLHL) respecto da rendición, publicidade e aprobación da conta xeral? :

- a) Os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente antes do día 15 de abril do exercicio seguinte ao que correspondan
- b) A conta xeral formada pola Presidencia será sometida antes o día 1 de xuño a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local, que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos integrantes da corporación
- c) A conta xeral co informe da Comisión Especial a que se refire o apartado anterior será exposta ao público por prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes por a Comisión Especial e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias emitirá novo informe
- d) As entidades locais renderán ao Tribunal de Contas a conta xeral debidamente aprobada antes do 1 de outubro do exercicio seguinte ao que correspondan

10. O RDL 2/2004, do 5 de marzo, (TRLHL) no seu artigo 173 "Exhibibilidade das obrigacións, prerrogativas e limitación dos compromisos de gasto" establece:

- a) Os tribunais, xuíces e autoridades administrativas poderán despachar mandamentos de execución, ditar providencias de embargo contra os dereitos, fondos, valores e bens da facenda local esixir fianzas, depósitos e caucións ás entidades locais en calquera caso
- b) Os tribunais, xuíces e autoridades administrativas non poderán despachar mandamentos de execución nin ditar providencias de embargo contra os dereitos, fondos, valores e bens da facenda local pero se poderán esixir fianzas, depósitos e caucións ás entidades locais en calquera caso
- c) A Autoridade administrativa encargada da execución acordará o pago na forma e cos límites do respectivo orzamento. Se para o pago fose necesario un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito, deberá solicitarse do Pleno un ou outro dentro dos dous meses seguintes ao día de notificación da resolución xudicial
- d) O cumprimento das resolucións xudiciais que determinen obrigacións a cargo das entidades locais ou dos seus organismos autónomos corresponderá exclusivamente a aquelas, sen prexuízo das facultades de suspensión ou inexecución de sentenzas previstas nas leis

11. A que créditos afectan a prórroga orzamentaria segundo o artigo 169.6 do O RDL 2/2004, do 5 de marzo (TRLHL)?:

- a) A todos os créditos do orzamento anterior sen excepción
- b) Exclusivamente aos créditos destinados a gastos de persoal e gastos correntes
- c) Aos créditos do orzamento anterior pero non a aqueles para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados
- d) Unicamente aos créditos iniciais, prohibíndose calquera modificación orzamentaria ata que se aprobe o novo orzamento

12. Ao orzamento xeral uniranse como anexos, segundo o artigo 166 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, (TRLHL):

- a) Os plans e programas de investimento e financiamento que, para un prazo de catro anos, poderán formular os municipios e demais entidades de ámbito supra municipal

- b) Os plans e programas de investimento e financiamento que, para un prazo de catro anos, obrigatoriamente formulasen os municipios e demais entidades de ámbito mancomunado
- c) Os plans e programas de investimento e financiamento que, para un prazo de catro anos, poderán formular as provincias e demais entidades de ámbito supra municipal
- d) Os plans e programas de investimento e financiamento que, para un prazo de catro anos, obrigatoriamente formulasen as provincias e demais entidades de ámbito mancomunado e supra municipal

13. Segundo o artigo 182 do O RDL 2/2004, do 5 de marzo (TRLHL), poderán incorporarse aos correspondentes créditos dos orzamentos de gastos do exercicio inmediato seguinte, sempre que existan para iso os suficientes recursos financeiros:

- a) Os créditos extraordinarios e os suplementos de créditos, así como as transferencias de crédito, que fosen concedidos ou autorizados, respectivamente, no último mes do exercicio
- b) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados
- c) Os créditos por operacións de correntes
- d) Os créditos que amporen os compromisos de gasto a que fai referencia o apartado 1.b) do artigo 176 desta lei

14. Unha vez aprobada a liquidación polo Presidente que obriga a remisión de información a outras administracións públicas establece o artigo 193.5 do RDL 2/2004 do 5 de marzo (TRLHL)?:

- a) Enviar copia ao Tribunal de Contas antes do 15 de marzo
- b) Remitir copia do estado de liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma antes do 31 de marzo
- c) Publicar o decreto de aprobación no Boletín Oficial da Provincia no prazo de 5 días
- d) Presentala ao Pleno para a súa ratificación definitiva antes de finalizar o primeiro trimestre

15. Segundo o artigo 193.1 do RDL 2/2004 do 5 de marzo (TRLHL), se a liquidación do orzamento ten un Remanente de Tesourería Negativo, o Pleno debe proceder na primeira sesión que celebre a:

- a) Disolver os organismos autónomos que xerasen o déficit
- b) Solicitar un rescate financeiro ao Ministerio de Facenda de forma obrigatoria
- c) Declarar a nulidade do orzamento do exercicio anterior
- d) Reducir gastos no orzamento do exercicio corrente por contía igual ao déficit

16. Segundo establece o artigo 217 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, (TRLHL), corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias dos reparos:

- a) Cando se baseen na insuficiencia ou inadecuación de crédito
- b) Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago
- c) No caso de omisión no expediente de requisitos ou tramites esenciais
- d) Todas as anteriores son correctas

17. Segundo o RD 500/90, do 20 de abril, como se chama o acto mediante o cal se acorda a realización dun gasto determinado por unha contía certa ou aproximada, reservando a tal fin a totalidade ou parte dun crédito orzamentario:

- a) Retención
- b) Autorización
- c) Disposición
- d) Ordenación

18. Segundo a EHA/365/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, a área de gastos 4 refírese a:

- a) Actuacións de protección e promoción social
- b) Produción de bens públicos de carácter preferente
- c) Actuacións de carácter económico
- d) Actuacións de carácter xeral

19. De conformidade co disposto nos artigos 169 e 177 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, (TRLHL), o prazo de exposición ao público dun expediente de crédito extraordinario aprobado inicialmente polo Pleno da Deputación de Pontevedra é de:

- a) 10 días a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra
- b) 15 días a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra
- c) 20 días a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra
- d) 30 días a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra

20. Segundo o artigo 51 do RD Segundo o RD 500/90, poderán dar lugar a unha baixa de créditos:

- a) O financiamento de remanentes de tesourería negativos
- b) O financiamento de transferencias de créditos
- c) A execución doutros acordos da Xunta de Goberno da Entidade Local
- d) O financiamento de remanentes de tesourería positivos

21. De acordo co artigo 174 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, (TRLHL), a autorización dos gastos de carácter plurianual subordinarase a:

- a) No caso dos investimentos á aprobación polo Pleno da correspondente operación de crédito afectada
- b) Ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos
- c) Os gastos de carácter plurianual unicamente poden ser investimentos
- d) Ao cumprimento estrito da regra de gasto nos exercicios en que se desenvolvan

22. Segundo o artigo 179 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, (TRLHL), quen é o órgano competente para autorizar as transferencias de crédito entre distintos grupos de función?:

- a) O Pleno da Corporación
- b) O Interventor Xeral
- c) O Presidente da Corporación
- d) A Xunta de Goberno Local

23. De acordo co artigo 212.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo do TRLHL, o Pleno da Corporación deberá aprobar a Conta Xeral:

- a) Antes do 1 de xuño
- b) Antes do 1 de outubro
- c) Antes do 15 de maio
- d) Antes de 31 de marzo.

24. Segundo o artigo 171 do RDL 2/2004, do 5 de marzo do TRLHL, que recurso poderá interpoñerse directamente contra a aprobación definitiva do orzamento?:

- a) Recurso contencioso-administrativo
- b) Recurso de alzada
- c) Recurso económico-administrativo
- d) Recurso potestativo de reposición

25. Segundo o artigo 70 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación coa iniciación do procedemento, sinala a opción correcta:

- a) Exclusivamente de oficio
- b) A instancia do interesado ou de oficio
- c) Só cando o órgano de contratación o decida

d) Sempre tras informe do órgano superior

26. Segundo o artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a revisión de oficio dos actos nulos de pleno dereito:

- a) Pode realizarse sen límite temporal en todo caso
- b) Require ditame favorable do órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma cando exista
- c) Non require audiencia dos interesados
- d) Só pode iniciarse de oficio

27. Segundo o artigo 109.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, respecto da revogación de actos administrativos:

- a) Pode afectar actos favorables sempre que non exista prexuízo para terceiros
- b) Permite a dispensa ou exención non permitida polas leis se é favorable ao interesado
- c) Só pode recaer sobre actos desfavorables ou de gravame, respectando o principio de igualdade e o interese público
- d) Require en todo caso solicitude do interesado

28. Segundo o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación coa rectificación de erros materiais:

- a) Só de oficio
- b) Só a instancia do interesado
- c) De oficio ou a instancia do interesado
- d) Nunca, só mediante recurso contencioso

29. Segundo o artigo 107 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a declaración de lesividade:

- a) Permite a suspensión automática do acto
- b) Debe adoptarse no prazo de catro anos desde que se ditou o acto
- c) Non require audiencia dos interesados
- d) Supón a anulación directa do acto pola Administración

30. Segundo o artigo 72.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación coas prohibicións para contratar:

- a) A súa apreciación require sempre declaración xudicial firme
- b) As prohibicións relativas a determinadas circunstancias se aprecian directamente polos órganos de contratación, subsistindo mentres concorran as circunstancias que as determinan
- c) Só afectan a persoas xurídicas
- d) Non se aplican aos contratos menores

31. Segundo o artigo 99 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación co obxecto do contrato:

- a) Pode dividirse en lotes sen limitación algunha
- b) A non división en lotes debe xustificarse debidamente no expediente, salvo en casos de contratos de concesión de obras
- c) A división en lotes está prohibida como regra xeral
- d) O obxecto pode ser indeterminado no momento da licitación

32. Segundo o artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sobre o expediente de contratación:

- a) Require a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato
- b) Non é necesario xustificar a elección do procedemento

- c) Non inclúe os pregos
- d) Pode omitirse en casos de urxencia

33. Segundo o art. 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os impostos persoais sobre a renda
- b) os gastos de garantía bancaria
- c) Os impostos indirectos
- d) Os costes indirectos

34. Segundo o art. 33.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación á comprobación de valores, en caso de que se designe un perito terceiro para efectuar a valoración, os gastos realizados polo perito terceiro serán aboados:

- a) Polo beneficiario, cando a taxación practicada fose inferior ao valor xustificado polo beneficiario
- b) Pola Administración, cando a taxación practicada fose inferior ao valor xustificado pola Administración
- c) A partes iguais entre o beneficiario e a Administración, previa provisión do importe dos seus honorarios mediante depósito no Banco de España ou no organismo público que determine o órgano concedente
- d) En todo caso polo beneficiario

35. Segundo o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen terse presentado a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que sexa presentada:

- a) No prazo improrrogable de dez días
- b) No prazo improrrogable de quince días

- c) No prazo improrrogable de vinte días
- d) No prazo improrrogable de trinta días

36. Segundo o art. 75.1 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, aos efectos do disposto no apartado 2 do artigo 30 da Lei, poderá ter carácter de documento con validez xurídica para a xustificación da subvención a conta xustificativa simplificada regulada neste artigo, sempre que así se teña previsto nas bases reguladoras da subvención, para subvencións concedidas por importe inferior a:

- a) 340.000 euros
- b) 216.000 euros
- c) 140.000 euros
- d) 60.000 euros

37. Segundo o art. 30.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro, sen prexuízo do disposto en relación á súa posible suspensión ou ampliación, será:

- a) De 3 meses dende a data do acordo de iniciación
- b) De 6 meses dende a data do acordo de iniciación
- c) De 12 meses dende a data do acordo de iniciación
- d) De 4 anos dende a data do acordo de iniciación

38. Segundo o art. 31.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, o órgano interventor, mediante técnicas de mostraxe, poderá comprobar a realización da finalidade subvencionada, a efectiva aplicación dos fondos á súa realización e o cumprimento das demais obrigacións que implica a concesión da subvención, mediante o correspondente control financeiro, no prazo de catro anos a contar dende:

- a) O pago da subvención
- b) A data do acordo de concesión da subvención
- c) A realización da actividade subvencionada
- d) A presentación da xustificación da subvención

39. Segundo a Base Primeira do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025), en relación ás finalidades subvencionables sinala a resposta incorrecta:

- a) Deberán demostrar o seu carácter estratéxico local
- b) En caso de que o ben, a instalación ou o terreo sobre o que se vaia realizar a finalidade subvencionable proveña doutra administración pública, o concello deberá acreditar a titularidade coa correspondente cesión, autorización ou concesión
- c) En caso de que o ben, a instalación ou o terreo sobre o que se vaia realizar a finalidade subvencionable proveña dun suxeito xurídico privado, a cesión terá unha duración de 50 anos, salvo que o investimento teña unha vida esperada superior
- d) No caso de adquisición de terreos ou bens, a titularidade deberá acreditarse no prazo máximo de dous meses, contados dende a data de finalización do prazo para a presentación das solicitudes e, en todo caso, antes da data da primeira reunión da comisión de persoas expertas

40. Segundo a Base Primeira do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025), sinala cal das seguintes tipoloxías de proxectos non poderá ter a consideración de actuación subvencionable en ningún caso:

- a) Rehabilitación de infraestruturas públicas existentes
- b) Conservación e mantemento de espazos públicos urbanos ou naturais
- c) Compra de vehículos necesarios para a recollida separada de biorresiduos de orixe doméstico (5º colector)

d) Construción de novas infraestruturas públicas (edificacións, inmobles ou equivalentes)

RESERVA

41. O capítulo 3 da clasificación de ingresos segundo EHA/365/2008, do 3 de decembro, refírese a:

- a) Taxas, prezos públicos e outros ingresos
- b) Transferencias correntes
- c) Ingresos patrimoniais
- d) Impostos indirectos

42. Segundo o establecido no artigo 162.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o “plan de investimentos” deberá coordinar co/os:

- a) Programa financeiro
- b) O estado de gastos da entidade
- c) Plans de etapas do plan urbanístico
- d) Estado de tesourería e movemento de valores

43. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación coa execución e modificación dos contratos (artigos 203 e seguintes):

- a) As modificacións contractuais están prohibidas salvo en contratos menores
- b) Só poden realizarse modificacións previstas expresamente nos pregos de cláusulas administrativas particulares ou excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista en dito prego
- c) Poden introducirse modificacións substanciais libremente
- d) A modificación non require xustificación

44. Segundo o art. 71.2 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, poñerao no seu coñecemento concedéndolle:

- a) Un prazo de dez días para a súa corrección
- b) Un prazo de quince días para a súa corrección
- c) Un prazo de vinte días para a súa corrección
- d) Un prazo de trinta días para a súa corrección

45. Segundo o artigo 8 do Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os empregados públicos se clasifican en (sinale a resposta incorrecta):

- a) Funcionarios de carreira
- b) Funcionarios interinos
- c) Persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal
- d) Funcionarios eventuais

CONVOCATORIA	Convocatoria para nomeamento de funcionariado interino sen praza para a execución do programa de carácter temporal "Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra 2025" con destino ao Servizo de Cooperación (BOPPO núm. 247 de luns, 29 de decembro de 2025)
PRAZA/POSTO	1561 – Técnica/o media/o en xestión económica
TIPO	PRIMEIRO EXERCICIO –TEST
DATA	27/04/2026

PLANTILLA DE RESPONSTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO (TEST)

Nº	Resposta	Nº	Resposta	Nº	Resposta	Nº	Resposta
1	A	11	C	21	B	31	B
2	D	12	A	22	A	32	A
3	C	13	B	23	B	33	A
4	B	14	B	24	A	34	A
5	B	15	D	25	B	35	B
6	D	16	A	26	B	36	D
7	C	17	B	27	C	37	C
8	B	18	C	28	C	38	A
9	C	19	B	29	B	39	D
10	D	20	A	30	B	40	B

Nº	Resposta
41	A (Reserva)
42	C (Reserva)
43	B (Reserva)
44	A (Reserva)
45	D (Reserva)

